



Nº Expediente: 2017/C003/000002

Asunto: Contratación de ACONDICIONAMENTO ENTORNO INSTALACIÓNS DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

MESA DE CONTRATACIÓN (3)

ACTA DE VALORACIÓN DA SEGUNDA OFERTA PRESENTADA OU RATIFICACIÓN DA PRIMEIRA; E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO DO SEGUINTE CONTRATO:

Obra: ACONDICIONAMENTO ENTORNO INSTALACIÓNS DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS
Importe de licitación: 35.876,89 IVE incluído (Prezo sen IVE 29.650,32 €; IVE: 21,00 %

ASISTENTES

PRESIDENTE:

Don Pablo Diego Moreda Gil, alcalde

VOGAIS:

Dona María José Rodríguez Pérez, concelleira
Don Agustín Martínez Docanto, técnico municipal
Dona Ana Velo Ruiz, secretaria do concello
Don Jorge Vidal Zapatero, interventor municipal.

SECRETARIA:

Dona M^a Montserrat Pérez Garrote, funcionaria do Concello.

Non asiste don José Camilo Casal García, concelleiro.

Asiste don Agustín Martínez Docanto, técnico municipal, en substitución do vogal D. Antonio Rodríguez Fabello, en ausencia deste.

No Salón de plenos do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 13:30 horas do 24 de maio de 2017, constitúese a Mesa de Contratación integrada da forma sinalada, co obxecto de proceder á valoración da segunda oferta presentada ou ratificación da primeira, e elevar unha proposta de adxudicación ao órgano de contratación da obra anteriormente citada.

As seguintes empresas presentaron en forma e prazo documentación xustificativa das súas ofertas:

- José M. Piñeiro López, S.L. (rex. entrada 2624 de 19.05.2017)
- Guerreiro Somozas, S.L. (rex. entrada 2652 de 22.05.2017)
- Alvaré y Llago, S.L. (rex. entrada 2654 de 22.05.2017): Presenta un escrito no cal manifesta a súa ratificación da oferta presentada con anterioridade.

Realizados novamente os cálculos correspondentes, obtéñese a seguinte valoración definitiva:



EMPRESA	PUNTUACIÓN TÉCNICA	OFERTA ECONÓMICA (SEN IVE)	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	TOTAL
ALVARÉ Y LLAGO, S.L.	0,00	22.107,34	4,00	4,00
JOSÉ M. PIÑEIRO LÓPEZ, S.L.	2,78	24.016,00	3,40	6,18
GUERREIRO SOMOZAS, S.L.	2,16	26.981,79	1,45	3,61

Á vista das ofertas económicas presentadas, a nova media aritmética é de 24.368,00 € e o límite da baixa temeraria é 24.707,61 €.

A oferta presentada pola empresa JOSÉ M. PIÑEIRO LÓPEZ, S.L. pode conter valores anormais ou desproporcionados, polo que de acordo co disposto no Prego de cláusulas administrativas, no seu artigo 15.5, deberá xustificala.

Polo tanto, a Mesa acorda:

- 1.- Requirir á empresa JOSÉ M. PIÑEIRO LÓPEZ, S.L. para que, no prazo de **5 días** presente por escrito as precisións que consideren oportunas e a xustificación da oferta presentada, de acordo co establecido no artigo 152 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e segundo se indica na cláusula 15.5 do Prego de cláusulas administrativas.
- 2.- Solicitar un informe técnico de valoración, unha vez que se reciba a documentación requirida.
- 3.- Reunirse de novo para valorar a xustificación da oferta da empresa JOSÉ M. PIÑEIRO LÓPEZ, S.L., e propoñer ao órgano de contratación a adxudicación da obra obxecto de licitación.

O presidente dá por rematada esta sesión ás 13:45 horas do expresado día, e estendo de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria da Mesa, dou fe.



Expediente: 2017/C003/000002

Expediente (int.):

Expediente relacionado:

Asunto: ACONDICIONAMENTO ENTORNO INSTALACIÓNS DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

Promotor: Concello de Cedeira

Situación: Parque do Romeiro/ EDAR de Cervo/ EDAR de Corredoira

Referencia catastral:

Procedemento: Contratación de obras

PRAZO DE EXECUCION: 8 semanas

PRESUPOSTO:

PEM: 24.916,24 €

PEM + GG + BI: 29.650,32 €

IVE: 6.226,57 €

PRESUPOSTO MAXIMO: 35.876,89 €

INFORME TECNICO

1. FINALIDADE E ALCANCE DO INFORME:

Visto que a/s oferta/s presentada/s polo/s licitadores, a mesa de contratación presume fundadamente que algunhas delas non poida ser cumprida como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, polo que notificados e aportada a documentación xustificativa, remite esta para que se informe en base ao establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP), que establece os seguintes criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta:

- Xustificación dos prezos ofertados
- Volume de obra
- Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada

Licitadores con baixas desproporcionadas ou anormais:

- JOSÉ M. PIÑEIRO LÓPEZ, S.L.

2. CONSIDERACIONS TÉCNICAS:

LICITADOR: JOSÉ M. PIÑEIRO LÓPEZ, S.L.

- Documentación: Formato dixital PDF con sinatura electrónica.

- **1. Xustificación dos prezos ofertados:**

Critério	Consta	Observacións
Materiais		
- Compra		
<ul style="list-style-type: none"> • Carta de compromiso dos provedores 	Si	Aporta carta para os materiais, Aripaq, estacas (con dous provedores distintos na carta e no cadro resumo), emulsión (sen que na carta conste expresamente o proveedor) cun prezo mais ventaxoso. Os prezos de grava, zorra e análogos non se expresan nas unidades do proxecto.
<ul style="list-style-type: none"> • Prezos detallados 	Si	



- Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares)	Si	Indica que se dispón de canteira propia para a grixo (<i>zahorra</i>). Indica que dispón de material acopiado grava e emulsión.
• Relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público		

Maquinaria

- Aluguer e/ou contratación	Si	Non se aluga
• Relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos		
- Medios propios	Si	Axustado ao proxecto
• Relación detallada da maquinaria		

I. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico	Si	Elaborase a oferta por unidades de obra sen adaptarse á desagregación do proxecto no seguinte: - Reduce inxustificadamente os custos indirectos nas unidades de obras ao 3%. - Reduce inxustificadamente os rendementos nas unidades de obra - O grixo (<i>zahorra</i> , gravilla e grava) exprésase en Toneladas cando as unidades no proxecto son m ³ . - Non se inclúen os medios auxiliares. Reduce o beneficio industrial ao 5%.
---	----	--

Criterio NON xustificado.

- **2. Volume de obra:**

Criterio	Consta	Observacións
Neste caso o licitador deberá xustificar que presentou a oferta con valores anormais ou desproporcionados, a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados	Si	Faise unha relación das obras en execución e dos medios persoais e materiais dispoñibles, e declara un reducido volume de obra anual, sen establecer razoadamente como incide dita relación nos prezos ofertados.

Criterio NON xustificado.

- **3. Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada:**

Criterio	Consta	Observacións
Xustificarase mediante a achega da nómina do persoal laboral fixo e declaración responsable da obra en execución.	Si	Consta declaración responsable da obra en execución. Achega relación nominal dos traballadores, sen que se distinguan o persoal laboral fixo.

Criterio SI xustificado.



3. CONCLUSIONS:

A vista do exposto, emítense as seguintes conclusións:

- 3.1 Conclúese que o licitador, NON xustifica a baixas desproporcionada ou anormal, motivado no exposto no presente informe.
- 3.2 De acordo coa Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo de 26 de febrero de 2014 sobre contratación pública, para apreciar si as ofertas resultan anormalmente baixas, debe analizarse dende o punto de vista técnico, económico e xurídico.

Tendo en conta que o presente informe elabórase dende o punto de vista técnico, procede que se realice unha análise das ofertas anormalmente baixa dende o punto de vista económico e xurídico. O que se comunica á Mesa de Contratación aos efectos oportunos.

En Cedeira, asinado dixitalmente polo Arquitecto Municipal, Antonio Rodríguez Fabello

Considerando o anteriormente exposto, e para que así conste aos efectos oportunos e salvo mellor criterio, emítense o presente informe nas condicións expresadas, o cal poño en coñecemento de Vde. para os efectos oportunos quen, non obstante, resolverá

acceso personalizado - solicitude de acceso - correo web

Inicio > Contratación

PROGRAMA DE VALORACIÓN DE OFERTAS ECONÓMICAS EN CONTRATOS E CONCURSOS

Manual de usuario [PDF] | Fórmula [PDF]



Convenio de Investigación da
Deputación da Coruña co
Departamento de Matemática
Aplicada da Universidade de
Santiago de Compostela - Ano 2010

A nova versión do Programa de Valoración de Ofertas Económicas en Contratos e Concursos permite determinar, se así se desexa, as puntuacións obtidas no caso de reducir o prazo de execución da obra, asignar as valoracións técnicas outorgadas pola comisión correspondente e calcular as puntuacións das ofertas presentadas en función das súas baixas porcentuais respecto do seu prezo de licitación, detectando, no seu caso, as baixas temerarias (incluíndo a opción de utilizar a modificación extraordinaria aprobada no apartado 5 do artigo 85 do RD 1098/2001).

No se ha seleccionado ningún archivo.

Táboa de resultados: Valoración Técnica e da Redución de Prazos, Valoración Económica e Valoración Total

Na seguinte táboa aparecen as valoracións das ofertas. Resáltase en cor verde a(s) oferta(s) mellor valorada(s) e en cor vermella as ofertas temerarias. Para imprimir correctamente os resultados, configure previamente unha páxina horizontal.

Valoración de ofertas económicas no contrato/concurso									
Acondicionamento entorno EDARES									
Prezo de Licitación		Puntuación Máxima	Oferta Media		Oferta Media (excl. ofertas extremas)		Límite Oferta Temeraria		
29,650.32 €		4 puntos	24,368.00 €		24,368.00 €		24,707.61 €		
Nº Empresa	Nome Empresa	Oferta Económica	Baixa (%)	Puntuación Paso 2	Puntuación Valoración Económica	Temeraria	Excluídas da Media	Total	
1	Alvaré y Llago SL	22,107.34	0.00	0.00	4.00	Si	Non	4.00	
2	Jose M. Piñeiro Lopez SL	24,016.00	19.00	2.00	3.04	Si	Non	5.04	
3	Guerreiro Somozas SL	26,981.79	9.00	2.00	1.45	Non	Non	3.45	

